

## ARRECENDO DAS LILAS

Escribir sobre un amor frustrado é “*Quizais fixar así, nun poemario,/ como unha lila seca aqueles días/ en que estabas comigo e percorrías,/ para dicir o amor, o abecedario*” e este resulta ser o *letimotiv* que subxace, a xeito de punto de partida, na segunda obra poética de Marica Campo: *Pedinche luz prestada*. O volume, galardonado co Premio Fiz Vergara Vilariño na súa primeira edición, permítenos o reencontro gozoso co verso dunha autora que xa nos seducira no volume de contos *Confusión e morte de María Balteira* (1996) e nos regalara uns poemas escritos *Tras as portas do rostro* (1992). Nesta ocasión, Marica Campo asume o molde métrico do soneto -pois son trinta e tres sonetos os que forman o poemario- para establecer un diálogo unidireccional cun ti ausente. Así, neste acto elocutivo o receptor non participa da mensaxe pois fica no pasado o seu interese amoroso respecto ó eu poético e, por tanto, o sentimento de unión establecido entre eles non deixa de ser un nexo roto que se evoca a xeito de balance. Xa que logo, aínda manifestando a necesidade de pór en palabras tanta paixón, “*É tempo de falarmos: somos nós*”, non se chega a establecer unha verdadeira comunicación senón que a voz lírica inicia, para un ti ausente -tanto no espacio como no tempo- un monólogo triste e estremecido. Mais esta falta do ti, buscada a mantenta, non converte á vivencia amorosa nun drama senón que *Pedinche luz prestada* resulta un poemario vitalista e moi sensual onde é máis importante reflectir a paixón que pechou ós dous seres nun “*castelo sitiado pola sede*” que afondar no desacougo da ruptura. Así, o desexo desgránase en multitude de referencias sensoriais acadando o texto un alto grao de impresionismo -asociacións táctiles da calorosa paixón, presenza da música, plenitude visual da luz e o gusto do viño e dos acios derramados sobre as linguas- que permite ó lector paladear en toda a súa plenitude este amor convertido en extravío gorentoso dos corpos, en ferida na ausencia: “*Somos insectos, temos feromonas, / prohibido sentirmos cousas rancias, / despois de nos amar non queda nada*”.

Por tanto, a vivencia amorosa resulta un feito estraño e caótico para o eu, un sentimento desolador que tan pronto se identifica cun pozo profundo e escuro como se presenta en forma dunha praia, que evoca a un tempo as músicas secretas dos corpos uníndose e a melancolía do fado. Resulta, pois, unha experiencia agri doce que pon ó eu poético en contacto coa súa parte máis íntima, cun desexo que foi pulsión vitalista e agora fica deserto, cun ser que significou moito para o eu e xa non está con el. Non hai, xa que logo, medida algunha á hora de amosar todos estes feitos, nin se quere que este molde coercitivo reprima o libre fluxo duns pensamentos que voan cara ó pasado. Mais, completo o ciclo das lembranzas, imponse a despedida e así, cando xa

as lilas que perfumaban os corpos e os leitos murcharon, o eu poético enfróntase á certeza de que o amor apagou os seus ecos e inicia o camiño da despedida aínda que deixando aberta a porta para un reencontro futuro, inconcreto e case místico: *“Adeus, amor, tal vez veña a buscarte/ cando murchen as lilas e haxa lúa/ para cubrirche o rostro co meu veo.// Foi ao revés agora a miña arte: / falei de min, mais sempre a conta túa,/ fixen en ti comigo o meu careo”*.

**TERESA SEARA**

*Tempos Novos*, 56, xaneiro 2002, p. 67

